

O alcalde presenta un proxecto para mellorar a seguridade na DP-1201

Contémplase unha senda peonil que dea continuidade e conexión aos itinerarios peonís da estrada cos sendeiros existentes na contorna e co campo da festa de Boqueixón

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, realizou unha visita oficial ao Concello de Boqueixón, onde se reuniu co alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e cos membros da corporación municipal. Unha visita na que o alcalde, que vén de ser nomeado deputado provincial hai apenas un par de meses, aproveitou a ocasión para presentarlle a González Formoso o proxecto deseñado polo Concello para mellorar a seguridade peonil na estrada provincial DP 1201, na que o ente provincial xa realizara investimentos de ampliación e mellora hai uns anos.

En concreto, a actuación tería lugar no PK 2+250, na contorno da intersección desta estrada co viario municipal e o campo da festa de Boqueixón e aproveitaría o antigo trazado da citada estrada provincial (actualmente en desuso) para convertelo nun paseo peonil, acondicionando a superficie existente entre ambas vías e

dando continuidade aos itinerarios peonís xa existentes nas marxes da DP 1201, permitindo conectar a pé e con seguridade o Concello, o centro de saúde ou o campo de fútbol.

Agora, o Concello presentará o proxecto técnico para a súa valoración por parte dos servizos técnicos de Vías e Obras da Deputación da Coruña. A maiores, o alcalde aproveitou para solicitar melloras nas estradas provinciais que cruzan o municipio.



Primeira visita oficial do presidente da Deputación ao Concello de Boqueixón



Mellora das comunicacións en Loureda

O Concello vén de facilitar a instalación dunha nova torre de telecomunicacións en Loureda, o que mellorará os servizos que recibe a veciñanza desta parroquia de compañías como Orange, R ou Vodafone.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

27 out / 09 nov

LEDESMA

Campo da festa

10 nov / 23 nov

A GRANXA

Campo da festa

24 nov / 14 dec

SERGUDE

Campo da festa de San Bieito





Nova senda peonil en Sergude

O Concello vén de iniciar as obras de construción dunha nova senda peonil no municipio, nesta ocasión na parroquia de Sergude. A nova senda permitirá conectar a igrexa de Sergude, Lamas e Deseiro de Abaixo co cruce da N-525, mellorando así a seguridade e accesibilidade dos veciños e veciñas.

Este proxecto conta cun investimento de algo máis de 400.000 euros e supón un paso máis de cara a unha mobilidade máis cómoda e segura en todo o municipio. A esta senda haberá que engadir a que licitará en 2026 a Xunta de Galicia entre Sergude e Rodiño, que suporá un investimento de case 750.000 euros.

Melloras na estrada de Loureda ao aeroporto

Os Concellos de Boqueixón e O Pino, en colaboración coa Xunta de Galicia, veñen de aglomerar o viario que une Loureda co municipio do Pino, á altura do aeroporto de Lavacolla. Unha actuación que supón un investimento de 61.420 euros. Os traballos inclúen o aglomerado

do viario, así como actuacións de reforzo do firme e mellora dos entronques desta estrada cos camiños forestais da contorna.

Estas actuacións mellorarán a seguridade viaria, facilitarán o acceso aos núcleos rurais e reforzarán a conectividade entre Boqueixón e O Pino..



Seguridade viaria entre a praza da feira e o pavillón de Lestedo

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras dunha nova senda peonil na parroquia de Lestedo, concretamente entre o cruce entre as rúas Mestre Manuel Garcio e Pico Sacro ata o cruceiro. Unha actuación valorada en case 35.000 € e que permitirá crear un primei-

ro tramo seguro para os peóns que se despracen dende o centro de Lestedo ata o pavillón polideportivo municipal. Unha instalación onde o Concello está a investir outros 50.000 euros na mellora da súa eficiencia enerxética, para maior comodidade dos veciños e veciñas.

A conselleira de Política Social visita Boqueixón para falar de ELA

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou Boqueixón para reclamar que todas as persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) teñan acceso ás axudas comprometidas polo Goberno central e que non se reserven só para as persoas que están nas fases máis avanzadas da enfermidade. Así o reclamou tras visitar o domicilio de Manuel Rodríguez, un dos impulsores da Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica (Agaela), e que é coidado pola súa muller, Cruz Ansemil. Unha visita na que estivo acompañada polo alcalde, Ovidio Rodeiro.

Fabiola García destacou que o Real Decreto-lei 11/2025 aprobado polo Executivo central so destinará axudas económicas aos doentes co Grao III+ de dependencia extrema, é dicir, persoas nunha fase



Manuel Rodríguez e a súa muller Cruz Ansemil residen na aldea de Burgo

moi avanzada da enfermidade e que só representan o 5% dos doentes. Por iso, a conselleira lamentou que “quedarán fóra os que se encontren en fases iniciais e intermedias da ELA, que precisan de toda a axuda posible para continuar mantendo a súa calidade de vida”.

A conselleira fixo fincapé en que os doentes teñen que afrontar tamén numerosos gastos para

adquirir produtos de apoio como cadeiras de rodas; adaptar o fogar ás novas necesidades ou para recibir atención fisioterapéutica ou de rehabilitación. Así, lembrou que a Xunta continúa co seu apoio ás persoas diagnosticadas con ELA e que no 2026 convocará por cuarto ano consecutivo as axudas de 12.000 euros anuais que reciben aproximadamente 200 galegos.



A unidade móbil de doazón de sangue visita Lestedo o 7 de novembro

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue visitará o venres 7 de novembro Lestedo, de 15:45 a 21:00 horas. Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg, só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a outras persoas. A unidade móbil estará emprazada diante de Abanca. Nestes momentos están baixas as reservas de 0+.



Celebración do Día do Pilar

O convento de San Francisco (Santiago de Compostela) acolleu o pasado 12 de outubro os tradicionais actos conmemorativos do Día do Pilar, patroa da Garda Civil. Un acto no que participaron o alcalde Ovidio Rodeiro, e os concelleiros de Obras, Manuel Fernández; Servizos Sociais, Ángela Conde; e Turismo, José Luís Mareque.



Homenaxe a Carmen de la Fuente, no seu 100 aniversario

O Concello vén de homenaxear a Carmen de la Fuente Vázquez, veciña de Lestedo, co gallo do seu 100 aniversario. O alcalde entregoulle o tradicional ramo de flores e unha sorpresa: un exemplar dun libro coas memorias de Carmen, editado polo Concello a partir dun escrito feito na pandemia en colaboración co Departamento de Servizos Sociais.



Homenaxe ás mulleres creadoras da música tradicional galega

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 29 de novembro, ás 18:00 horas, a proxección de “Lévame a idea”, un documental que reivindica dende unha óptica feminista o papel fundamental das mulleres na preservación da poesía, o canto e a cultural popular de Galicia. Unha historia colectiva de resistencia, creatividade e amor polas raíces.

Aposta polo Pico Sacro como unha das Montañas Sagradas do mundo

“Estou convencido de que todos xuntos conseguiremos que o noso Pico Sacro sexa declarado Ben de Interese Cultural. Pero como en Boqueixón somos xente emprendedora e sen medo a nada, xa vos adianto outro desafío no que estamos traballando: que o Pico Sacro forme parte das Montañas Sagradas do mundo. Imaxínade: Monte Olimpo, Monte Sinaí, Monte Fuji, Machu Picchu... Pico Sacro. Quen dixo medo!”. Con estas palabras o alcalde, Ovidio Rodeiro, inauguraba a sétima edición do ciclo “Un mes e Pico”, que tivo lugar no centro de interpretación do Pico Sacro e que acolleu un ciclo de conferencias da man de cinco prestixiosos investigadores que ofreceron unha visión interdisciplinar do Monte Ilicino.

Antonio César González García, doutor en Astrofísica



O ciclo “Un mes e pico” tivo lugar no centro de interpretación do Pico Sacro

e membro da delegación en Galicia do CSIC, falou do Pico como referente da paisaxe galega. Algo no que incidiu César Parcero Oubiña, investigador científico no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT). Pola súa banda, David Fernández Abella, arqueólogo e licenciado en Historia, presentou os últimos achádegos arqueolóxicos localizados neste verán de 2025 durante a limpeza do alxibe

do Castelo do Pico. Cristina Sánchez-Carretero, antropóloga e investigadora do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC, presentou os avances nos procesos de salvagarda do Pico Sacro como conxunto simbólico senlleiro de Galicia, paso previo á súa declaración como BIC. E Felipe Criado-Boado, arqueólogo e director do Instituto de Ciencias do Patrimonio, falou sobre as montañas sacras.



O Camiño de Inverno promóvese en Boqueixón

O centro de interpretación do Pico Sacro acolleu “Coñece os Camiños”, un proxecto da Orden do Camiño de Santiago para dar a coñecer, neste caso, o Camiño de Inverno, que pasa por Boqueixón. O gran mestre da Orden, Miguel Pampín, impúxolle ao alcalde Ovidio Rodeiro a Medalla Conmemorativa da Orden do Camiño de Santiago e a Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio puxo a música.

“Tesouros da Terra” poderá visitarse en Lestedo ata o 10 de novembro

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) inaugurou en Boqueixón a exposición urbana itinerante “Tesouros da terra: a minería galega a través do tempo”, unha mostra que propón un percorrido divulgativo por 2.500 anos de historia mineira en Galicia. A iniciativa forma parte das actividades conmemorativas polo Centenario da entidade, que celebra este 2025 cen anos de labor ao servizo do sector mineiro galego.

A exposición, composta por oito paneis informativos, pode visitarse na praza da feira de Lestedo ata o 10 de novembro. A inauguración contou coa presenza do alcalde e o concelleiro de Turismo de Boqueixón, Ovidio Rodeiro e José Luís Mareque, así como da responsable da Oficina Técnica da COMG, Irene Pérez, e outros membros da xunta



Inauguración da exposición “Tesouros da terra”, da Cámara Mineira de Galicia

ta directiva e asociados á entidade, así como representantes de empresas mineiras.

Irene Pérez destacou que “Boqueixón é un dos lugares máis representativos do vínculo entre a terra e a minería en Galicia. É unha testemuña xeolóxica de millóns de anos e o punto de partida dunha actividade que forma parte da nosa identidade colectiva”. Pola súa banda, Ovidio Rodeiro recoñeceu

á Cámara Oficial Mineira de Galicia por este aniversario número cen e desexou que “exposición sirva para que os nosos veciños e veciñas comprendan a importancia que ten este sector, sobre todo cando vivimos nun concello que ten un dos principais referentes do patrimonio mineiro de Galicia e do mundo como é o noso Pico Sacro, un elemento único da xeoloxía e da minería en Galicia”.

O Concello ofrece asesoramento para o programa Mercanavila

A Deputación da Coruña, en colaboración coa Federación Galega de Comercio, lanzou o programa Mercanavila, unha iniciativa para dinamizar o pequeno comercio local e promover as compras de proximidade a través de bonos desconto de 100 euros. Os descontos dependerán do importe da compra: 5€ (entre 20 e 30 de gasto), 10€ (entre 30 e 50) e 15€ (50€ ou máis).

O prazo de adhesión para locais xa está pechado pero os clientes (maiores de 18 anos) poden descargar o seu bono ata o 20 de novembro. Calquera veciño/a que precise máis información ou asistencia para poder retirar o seu bono, pode achegarse ao Departamento de Emprego, Formación e Turismo de Boqueixón ou chamar ao teléfono 981 513 061.



Sergude foi unha gran festa

A parroquia de Sergude vén de celebrar as festividades de San Breixo, San Miguel e da Virxe do Rosario con misas cantadas polo coro parroquial, procesións e actuacións musicais da man da charanga Big Band, do Grupo Elite, a orquestra Trébol, Disco Móbil Chocolate e o grupo de música tradicional Pena do Corvo de Codeso. Parabéns á organización.



Espectacular viaxe de 58 veciños/as a Málaga e Granada

Un total de 58 veciños e veciñas participaron nunha viaxe de cinco días a Málaga e Granada, organizado polo Concello de Boqueixón. A expedición realizou visitas guiadas a vilas como Málaga, Nerja, Almuñécar, Granada, Pampameneira ou Lanjarón, descubrindo os seus encantos culturais, paisaxísticos e gastronómicos.



O Club de Maiores de Boqueixón abrirá BocAberta o 9 de novembro

A renovada Casa da Cultura acolle o ciclo de teatro amateur BocAberta, organizado polo Concello en colaboración coa Asociación Club de Maiores de Boqueixón e a Rede Cultural da Deputación. Catro sesións de entrada libre e de balde os domingos 9, 16, 23 e 30 de novembro, ás 17:30h.

“Asuntos escuros” do Club de Maiores de Boqueixón abre o ciclo o día 9. O grupo municipal de teatro de Ribeira presenta “Criaturas” o 16; Licor Café Teatro de Cabanas ofrece “Oculista da vista” e “Ollo por ollo e gato por lebre” o 23; e o 30 pecha “O latricar de Vedra”, do grupo de maiores de Vedra.

O concurso de fotografía busca paisaxes, eventos e festas

O Concello convoca a undécima edición do Concurso de Fotografía “Boqueixón en imaxes”, onde a temática non se reduce unicamente a imaxes de paisaxes de Boqueixón senón tamén a festas e eventos que teñan lugar dentro do termo municipal, sempre que resulten claramente identificables e recollan a riqueza natural, histórica, cultural e etnográfica do concello.

Polo demais, o certame está aberto ao público en xeral e cada participante pode presentar ata 3 fotos sempre que sexan: de formato horizontal, cun

tamaño mínimo de 2000 x 1500 px (resolución de 250 pixels por pulgada). Non se admitirán montaxes, IA, nin manipulacións das fotos. O prazo de envío das propostas está aberto ata o 21 de novembro a través dun formulario en www.boqueixon.gal.

O xurado escollerá 12 imaxes para o calendario do Concello de Boqueixón para o 2026 e as 3 persoas premiadas con vales de compra de 200, 100 e 50 euros, que deberán ser gastados nun establecemento comercial de Boqueixón.



Dobrete de Galicia Sabe Amar en Lestedo e Sergude

O foodtruck de “Galicia sabe amar” volveu visitar Boqueixón, desta vez por partida dobre. Primeiro, acompañando a todas as persoas que acudiron á

feira de Lestedo, que tiveron ocasión de probar estes petiscos realizados con produtos certificados do mar e da terra. Despois, no campo da festa de

Sergude, coincidindo coa festividade da Virxe do Rosario.

“Galicia sabe amar” é unha campaña promovida pola Xunta de Galicia para

animar á veciñanza ao consumo de produtos do mar, ao tempo que pon en valor o traballo dos profesionais da pesca e do marisqueo.

Xunta e concellos avalían colaborar en “Ulla Navegable” de rutas en kayak

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, mantivo un encontro de traballo cos alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro; Vedra, Carlos Martínez; e A Estrada, Gonzalo Louzao; en relación co proxecto “Ulla Navegable”.

Na xuntanza, que tivo lugar na sede da Axencia en Santiago, avalíouse a posible colaboración entre a Consellería do Medio Rural e estes concellos para impulsar a iniciativa “Ulla Navegable”, vinculada ao turismo de natureza, como factor de desenvolvemento local, neste caso a través das rutas en kayak polo río.

Ovidio Rodeiro explica que “aínda estamos nos



Primeiro encontro de Xunta e Concellos para poñer en marcha a iniciativa

inicios desta iniciativa, na que tamén participa o Concello de Teo, para tratar de dotar dun maior contido o río Ulla, aproveitando o seu potencial para o turismo náutico e intentar crear un produto turístico maior ao seu redor”. Así, sinala que “todos coñecemos o potencial do

río Ulla para actividades náuticas e o que queremos é vinculalo coas distintas fortalezas que teñen cada concello como, por exemplo, visitar o Pico Sacro. Que a experiencia non se limite unicamente a baixar polo río, queremos crear unha oferta común e de maior empaque”.

Ledesma acollerá unha charla gratuíta sobre horta ecolóxica

O Concello de Boqueixón organiza unha charla gratuíta sobre horta ecolóxica, que terá lugar o mércores 5 de novembro, ás 16:00 horas, no local social de Vila (Ledesma). As inscricións poden formalizarse no Departamento de Cultura, chamando ao 981 513 115 ou no mail cultura@boqueixon.es.

A charla será impartida por Adelina Padín, propietaria de “A Horta de Adelina”, un lugar con encanto emprazado no Salnés que organiza visitas guiadas e degustacións de produtos gourmets, así como charlas e venda de produtos con certificado ecolóxico.



Concello de Boqueixón

Lestedo

Vén de feira

Rodiño

1º E 3º DOMINGO DE MES

2º DOMINGO DE MES



**PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES**



NOVOS POSTOS

Descubre unha maior e máis variada oferta



SABOREA BOQUEIXÓN

Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...



MERCA EN BOQUEIXÓN

Variedad, calidade e atención personalizada



DESCUBRE BOQUEIXÓN

Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...

VII Xornada de sensibilización en violencia contra a muller

A Casa da Cultura de Camporrapado acolle o sábado 8 de novembro, de 17:00 a 19:30 horas, a VII Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade, o Ministerio de Igualdade e ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A entrada ao teatro é libre, se ben para asistir á charla é preciso anotarse a través deste formulario: <https://forms.gle/5YbCjAhJ6r7vgXJPA>

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde, e a directora do CIM, Cristina Carbajales, darán a benvida ao público asistente. A primeira sesión será unha charla-testemuño da actriz e

psicopedagoga Iria Pinheiro: "A violencia obstétrica: anatomía dunha serea", quen será presentada por Yolanda Neira, psicóloga do CIM.

Ás 18:15 horas terá lugar a función de teatro. A actriz Estíbaliz Veiga porá en escena "Golpes", unha peza teatral contra a violencia machista. O alcalde, Ovidio Rodeiro, será o encargado de clausurar a xornada. Natalí González, Xosé Silva e Fran Barcia, da AC Mestre Manuel Gacio, porán a nota musical á xornada.

Por outra banda, o CIM de Boqueixón organiza o 20 de novembro unha xornada coa rapazada do CRA Boqueixón-Vedra na que Trémola Teatro presentará "Daniel e Daniela", unha peza para sensibilizalos cara á igualdade.

VII XORNADA DE SENSIBILIZACIÓN EN VIOLENCIA CONTRA A MULLER

SÁBADO 8 DE NOVIEMBRO ÁS 17:00 H
CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO (BOQUEIXÓN)

16:50 Apertura de portas
17:00 Apertura da Xornada
Espazo Musical: Natalí González & Xosé Silva (Asociación Mestre Manuel Gacio de Lestedo)
Benvida: Ángela Conde Leis, Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Boqueixón
Cristina Carbajales Noveiro - Directora do CIM

17:15 A violencia obstétrica: "Anatomía dunha serea"
Presenta: Yolanda Neira Cristóbal - Psicóloga do CIM
Charla-testemuño: Iria Pinheiro - Actriz e psicopedagoga
Espazo Musical: Fran Barcia (Asociación Mestre Manuel Gacio de Lestedo)

18:15 Función de teatro: "Golpes"
Protagonizada por Estíbaliz Veiga, relata a historia de Pamela, unha moza que sufriu violencia de xénero.

19:30 Clausura da Xornada: Ovidio Rodeiro Tato, Alcalde do Concello de Boqueixón
Espazo Musical: Natalí González & Xosé Silva (Asociación Mestre Manuel Gacio de Lestedo)

PHOTOCALL POLA IGUALDADE
As mulleres para ler, non para escribir.
A fala para acorralar, non para anular.

INSCRIPCIONES: A ficha de inscrición web dispoñible en www.boqueixon.gal ou nas redes sociais do Concello
e INFORMACIÓN: 981 513 061 cim@boqueixon.com

Logos: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Igualdade, Deputación da Coruña, CRA Boqueixón-Vedra, etc.

AXENDA DO MES DE NOVIEMBRO

Mércores
5

Charla sobre Neira Vilas

CPI Antonio Orza Couto. 12:00 h.
Fernando Redondo, presidente da Fundación Neira Vilas, imparte unha charla ao alumnado de 1º da ESO con motivo do Día Neira Vilas (3 de nov).

Mércores
5

Charla Horta Ecolóxica

Local social de Vila (Ledesma). 16:00 h.
Adelina Padín ofrece unha charla gratuita sobre Horta Ecolóxica. Inscricións no Departamento de Cultura.

Sábado
8

VII Xornada de Prevención en Violencia contra a muller

Casa da Cultura. 17:00 h.
Música en directo. Charla testemuño sobre a violencia obstétrica a cargo de Iria Pinheiro. "Golpes", de Estíbaliz Veiga, obra que relata a historia dunha moza que sufriu violencia de xénero.

Domingo
9

Teatro: Club de maiores de Boqueixón. "Asuntos escuros"

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre.
Ciclo de teatro "BocAberta"

Luns
10

Tesouros da terra

Campo da feira de Lestedo.
Fin da exposición sobre o 100 aniversario da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Luns
10

Doazón de Sangue

Lestedo (diante Abanca). 15:45 a 21:00h.
Máis información: 900 100 828.

Domingo
16

Teatro: Grupo municipal de Ribeira. "Criaturas"

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre.
Ciclo de teatro "BocAberta"

Xoves
20

Contacontos. Trémola teatro: "Daniel e Daniela"

Casa da Cultura. 10:30h.
Actividade de sensibilización cara a igualdade para a rapazada do CRA Boqueixón-Vedra. Con cargo aos Fondos do Pacto de Estado 2025.

Venres
21

Boqueixón en imaxes

Fin do prazo de presentación. Máis información: www.boqueixon.gal.

Domingo
23

Teatro: Licor Café Teatro de Cabanas.

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre.
"Oculista da vista" e "Ollo por ollo e gato por lebre". Ciclo de teatro "BocAberta"

Sábado
29

Lévame a idea.

Casa da Cultura. 18:00h. Entrada libre.
Documental sobre as mulleres creadoras de música tradicional. Rede Cultural da Deputación

Domingo
30

Teatro: Grupo de maiores do centro social de Vedra.

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre.
"O latricar de Vedra".
Ciclo de teatro "BocAberta"

...e en decembro

Sábado
27

Teatro: Fantoques Baj. "Pedro e o lobo"

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre.
Ciclo de teatro "Escena Pequena"

INFORMACIÓN
E INSCRIPCIONES:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 06
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com